PROGRAMA ignicia TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO CON ACREDITACIÓN RTTP
PARA PERSOAL DE XESTIÓN DE TRANSFERENCIA

Curso presencial:

IA PARA A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

15 PUNTOS RTTP

30 PRAZAS

O curso impartirase integramente en inglés

Datas: martes 27 e mércores 28 de outubro de 2026
Horario: de 9:15 a 18:30 h
Lugar de celebración: FEUGA, Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n
15705 Santiago de Compostela

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

Contido

A Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia organiza o curso especializado «IA para a transferencia de coñecemento», dirixido a profesionais da valorización e comercialización de resultados da investigación interesados no uso estratéxico, seguro e ético da intelixencia artificial (IA). A formación abordará a IA como unha ferramenta de apoio á experiencia profesional, capaz de favorecer a creatividade, axilizar os fluxos de traballo e reforzar a toma de decisións.

A través de demostracións, exercicios prácticos e casos específicos, as persoas participantes aprenderán cando e como utilizar ferramentas de IA, incluída a IA xerativa, como validar os seus resultados e como abordar cuestións relacionadas coa gobernanza, a privacidade e protección de datos, a propiedade intelectual e a ética. A formación permitirá, ademais, desenvolver fluxos de traballo aplicables á actividade profesional, coñecer criterios para elaborar ou mellorar as políticas de IA das organizacións e analizar como esta tecnoloxía pode transformar os perfís profesionais e as oficinas de transferencia de tecnoloxía.

Cunha duración total de 15 horas, a formación está acreditada pola Alliance of Technology Transfer Professionals (ATTP) e outorga 15 puntos RTTP, o que se recollerá no certificado de participación.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, as persoas participantes serán capaces de:

- Identificar ferramentas de IA que permitan mellorar a eficiencia dos procesos de valorización e transferencia de coñecemento.
- Utilizar ferramentas e técnicas de IA xerativa para apoiar as actividades cotiás ligadas a estes procesos.
- Coñecer a normativa aplicable ao uso da IA.
- Avaliar as consideracións éticas asociadas ao uso da IA en contextos de valorización e transferencia de coñecemento.
- Avaliar os resultados xerados por IA para detectar posibles alucinacións e valorar a súa precisión e grao de especificidade.
- Contribuír ao desenvolvemento dun marco ou estratexia a nivel de organización para un uso responsable da IA.
- Comprender as implicacións en materia de propiedade intelectual dos contidos xerados mediante IA.
- Analizar o impacto da IA na evolución dos perfís profesionais e na organización das oficinas de transferencia de coñecemento.

Axenda

Martes 27 de outubro

Sesión de mañá (pausa café de 11.45 a 12.15 h)

9.15 - 9.30 h **Rexistro de participantes**

9.30 - 9.45 h **Benvida e presentación da Axencia Galega de Innovación**

9.45 - 14.15 h **Fundamentos da IA, ferramentas e automatización de fluxos de traballo en transferencia de coñecemento**

- Introdución á IA no contexto dos procesos de valorización e transferencia de coñecemento
- Mitos sobre a IA fronte á realidade e ámbitos nos que a IA achega valor
- Ferramentas prácticas non xerativas para a investigación, os fluxos de traballo e a vixilancia de tendencias
- Automatización dos fluxos de traballo: cando automatizar e cando non

Sesión de tarde (pausa café de 15 min.)

15.00 - 18.30 h **Uso responsable, privacidade, propiedade intelectual, riscos e gobernanza**

- Capacidades, limitacións e uso adecuado da IA xerativa
- Consideracións sobre privacidade, protección de datos e propiedade intelectual
- Alucinacións, nesgos e erros habituais
- Gobernanza segura da IA, ética e cumprimento normativo

Mércores 28 de octubro

Sesión de mañá (pausa café de 11.45 a 12.15 h)

9.15 - 14.15 h **Exercicio práctico e política de IA para toda a organización**

- Exercicios de IA xerativa
- Uso de prompts para a preparación de propostas, análise e identificación de socios e actores clave, e estudo de mercado
- Revisión crítica dos resultados xerados pola IA para comprobar a súa precisión e adecuación ao contexto
- Revisión da política de IA e avaliación de provedores de IA para unha oficina de transferencia de coñecemento

Sesión de tarde (pausa café de 15 min.)

15.00 - 18.30 h **Axentes de IA para a transferencia de coñecemento e o futuro dos perfís profesionais na nova era**

- Axentes de IA: que son e en que ámbitos poden axudar
- Deseño responsable, medidas de protección e supervisión humana
- O futuro da transferencia de coñecemento na era da IA
- Competencias, funcións e próximos pasos

ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN

- Este curso está acreditado pola *Alliance of Technology Transfer Professionals* (ATTP) e outorga **15 puntos** para a obtención da acreditación *Registered Technology Transfer Professional* (RTTP).

INSCRICIÓN

- Ata o **15 de outubro ás 14.00 h** a través deste **formulario de inscrición**

CONTACTO

- **+34 981 957 000**
- **ignicia.gain@xunta.gal**

Biografías dos formadores



Dr. Sahand Zanjani-pour, Consultor sénior

Responsable de IA e estratexia dixital

Sahand é consultor sénior en Oxentia, onde asesora universidades, institutos de investigación, entidades financiadoras e empresas en estratexia de propiedade intelectual, avaliación de mercados e saída ao mercado. Ao longo de cinco anos en Oxentia, liderou proxectos de comercialización e desenvolvemento de capacidades en múltiples iniciativas.

É doutor en Física (biomecánica) e conta cun máster en Enxeñaría Mecánica (MEng). A súa traxectoria investigadora abrangueu a imaxe médica e o modelado computacional baseado en imaxes. Sahand foi tamén responsable da vertente emprendedora dun proxecto de ICURe, no que avaliou estratexias de saída ao mercado para unha innovación en ciencias da vida. É xestor de proxectos Agile acreditado e o seu último posto de investigación foi na Universidade de Oxford, onde traballou na creación dun modelo computacional para un proxecto de enxeñaría de tecidos dun tendón do ombreiro.

Sahand deseña e imparte formación sobre o uso da IA na investigación e na transferencia de coñecemento, e ofreceu charlas e obradoiros sobre esta materia a profesionais do sector. Desenvolveu axentes de IA para equipos institucionais e asesorou sobre a selección de ferramentas e as prácticas responsables no seu uso. Como responsable da estratexia dixital e das iniciativas de IA de Oxentia, conseguiu unha subvención de Innovate UK para desenvolver conxuntamente un modelo de IA que axude ás pemes a afrontar os seus retos empresariais.



Jordana Armstrong, Consultora

Jordana incorporouse recentemente a Oxentia como consultora, achegando máis de 15 anos de experiencia en desenvolvemento económico e ecosistemas de innovación. Como impulsora de ecosistemas, desenvolveu a estratexia de innovación social da unidade de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Maryland, liderou o grupo de innovación social en transferencia de tecnoloxía da Universidade de Calgary (UCalgary) e captou máis de 15 millóns de dólares para impulsar un próspero ecosistema de empresas sociais en Alberta, incluído o desenvolvemento de diversos programas de emprendemento e do Social Innovation Hub de Innovate Calgary. Conta cunha ampla experiencia no acompañamento e mentorización de persoas emprendedoras, tanto de maneira individual como en grupos, en América do Norte, o Sueste Asiático e América Latina.

Anteriormente, Jordana foi directora de UCeed Social Impact en UCalgary, un fondo de investimento pre-semente (pre-seed) e semente (seed), no que lideraba todas as fases, desde o desenvolvemento do fondo e da tese de investimento ata a supervisión da dilixencia debida e a identificación de empresas con potencial de investimento. Como investidora anxo e Limited Partner (LP) en the51, está comprometida co uso do capital para xerar un crecemento inclusivo. Jordana apoiou a adopción temperá da IA na Universidade de Maryland e continuou desenvolvendo as súas competencias nesta materia a través dun programa intensivo de IA para persoas emprendedoras, de duración anual e acceso exclusivo por invitación, impartido por Genius Academy.